

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

12566 Orde INT/2229/2013, do 25 de novembro, pola que se modifican os anexos I, V, VI e VII do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, e a Orde INT/2323/2011, do 29 de xullo, pola que se regula a formación para o acceso progresivo ao permiso de condución da clase A.

A Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, sobre o permiso de condución, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, o cal regula, entre outros aspectos, os códigos e subcódigos da Unión Europea harmonizados que se consignarán no permiso de condución, as probas que se realizarán para obter as distintas clases de permiso de condución, así como os vehículos que se utilizarán nelas.

Non obstante, os requisitos e condicións da formación precisa que deben superar os que pretendan obter o permiso de condución da clase A están recollidos na Orde INT/2323/2011, do 29 de xullo, pola que se regula a formación para o acceso progresivo ao permiso de condución da clase A.

Recentemente, a Directiva 2012/36/UE da Comisión, do 19 de novembro de 2012, modificou os anexos I e II da citada Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o permiso de condución, no que se refire, por unha parte, a determinados códigos e subcódigos da Unión Europea harmonizados que se consignarán no permiso de condución.

Por outra parte, refírese ao contido da proba de control de coñecementos para a obtención do permiso de condución das clases C1 ou C1 + E, co obxecto de adaptala ás características dos vehículos pertencentes a esa categoría de modo que non debe exixirse a todos os condutores dos vehículos das ditas clases demostrar que posúen certos coñecementos de normas ou equipamentos que só son aplicables aos condutores suxeitos á lexislación relacionada co transporte profesional;

Así mesmo, refírese ao contido que se examinará na proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e aos requisitos dos vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos para a obtención do permiso de condución, entre outros, das clases A1, A2 e A.

A teor do exposto, de acordo coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Regulamento xeral de condutores, modifícanse os anexos I, V, VI e VII do citado regulamento, así como o artigo 2.3 da Orde INT/2323/2011, do 29 de xullo, pola que se regula a formación para o acceso progresivo ao permiso de condución da clase A, co obxecto de incorporar ao noso ordenamento interno a Directiva 2012/36/UE da Comisión, do 19 de novembro de 2012.

Non obstante, non foi necesario recoller todos os cambios introducidos pola citada directiva ao estaren xa previstos algúns deles na nosa normativa vixente, como os referidos a certas materias exixidas nas probas de control de coñecementos para a obtención do permiso de condución das clases C1, C, D1 ou D.

Ademais, publicouse a Directiva 2013/47/UE da Comisión, do 2 de outubro de 2013, que volve modificar a citada Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, co único obxecto de ampliar até o 31 de decembro de 2018 o prazo en que os Estados membros, con carácter opcional, poderán autorizar que se sigan utilizando certas motocicletas para realizar as probas para a obtención do permiso de condución da clase A, mesmo cando non cumpran os novos requisitos exixidos pola norma comunitaria.

Para estes efectos, procédeuse a recoller a ampliación dese prazo mediante a incorporación dunha disposición transitoria na Orde INT/2323/2011, do 29 de xullo.

Esta orde foi sometida ao informe do Consello Superior de Seguridade Viaria, de conformidade co disposto no artigo 8.3 e) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

Modifícase o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, do seguinte modo:

Un. Na subepígrafe «Códigos da Unión Europea harmonizados», da letra B), do anexo I «Permiso de condución da Unión Europea», suprimense os códigos 72, 74, 75, 76 e 77; incorpóranse os códigos 46, 80, 81, 90 e 97, e modifícanse os códigos 73, 79 e 96, que quedan redactados do seguinte modo:

«46	Unicamente triciclos.
73	Limitado aos vehículos de categoría B, de tipo cuadríciclo de motor (B1).
79	[...] Limitado aos vehículos que cumpren as prescricións indicadas entre parénteses no marco da aplicación do artigo 13 da presente directiva. 79.01 Limitado aos vehículos de dúas rodas con ou sen sidecar. 79.02 Limitado aos vehículos de categoría AM de tres rodas ou cuadríciclos lixeiros. 79.03 Limitado aos triciclos. 79.04 Limitado aos triciclos que leven enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non supere os 750 kg. 79.05 Motocicletas de categoría A1 cunha relación potencia/peso superior a 0,1 kW/kg. 79.06 Vehículo de categoría BE cuxa masa máxima autorizada do remolque sexa superior a 3500 kg.
80	Limitado aos titulares dun permiso de condución para vehículos de categoría A de tipo triciclo de motor que non alcanzasen a idade de 24 anos.
81	Limitado aos titulares dun permiso de condución para vehículos de categoría A de tipo motocicleta de dúas rodas que non alcanzasen a idade de 21 anos.
90	Códigos utilizados en combinación con códigos que definen modificacións do vehículo. 90.01: á esquerda. 90.02: á dereita. 90.03: esquerda. 90.04: dereita. 90.05: man. 90.06: pé. 90.07: utilizable.
96	Vehículos de categoría B que leven enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada sexa superior a 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada desta combinación exceda os 3500 kg pero non supere os 4250 kg.
97	Non autorizados para conducir un vehículo de categoría C1 que entre no ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada.»

Dous. Na subepígrafe «Códigos nacionais» da letra B), do anexo I «Permiso de conducción da Unión Europea», suprímese o código 107.

Tres. Incorpórase un parágrafo final na letra B). 2. 4.º, do anexo V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións», que queda redactado do seguinte modo:

«Os solicitantes de permiso de conducción da clase C1 que non estean incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 3821/1985, estarán exentos das materias que se indican nas alíneas a), b) e c) anteriores.»

Catro. Incorpórase un penúltimo parágrafo na letra B). 2. 6.º, do anexo V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións», antes do parágrafo final, que queda redactado do seguinte modo:

«Os solicitantes de permiso de conducción da clase C1 + E que non estean incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 3821/1985 estarán exentos das materias que se indican nas alíneas a), b) e c) do punto 2.4.º anterior.»

Cinco. Modifícase a alínea a) da letra B). 3. 6, do anexo V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións», que queda redactado do seguinte modo:

«a) Verificar a asistencia da freada e a dirección; comprobar o estado das rodas, dos seus parafusos de fixación, dos gardalamas, dos parabrisas, das xanelas e dos limpaparabrisas; comprobar e utilizar o panel de instrumentos, incluído o aparello de control regulado no Regulamento (CEE) núm. 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985. A comprobación e utilización do tacógrafo non se aplica para os solicitantes de permiso de conducción das clases C1 ou C1 + E que non estean incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 3821/1985.»

Seis. Modifícase o inciso quinto e incorpóranse dous novos incisos, na letra B).4.4, do anexo V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións», que quedan redactados do seguinte modo:

«Utilizar o tacógrafo, se é o caso. Este requisito non se aplica para os solicitantes de permiso de conducción das clases C1 ou C1 + E que non estean incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 3821/1985.»

«Comprobar o estado das rodas, dos seus parafusos de fixación, gardalamas, parabrisas, xanelas e limpaparabrisas, líquidos (por exemplo, aceite para motores, líquido refrixerador, líquido de limpeza).

Conducir de forma que se garanta a seguridade e se reduzan o consumo de combustible e as emisións durante a aceleración, desaceleración, conducción costa arriba e costa abaixo, se procede seleccionando as marchas manualmente.»

Sete. Modifícase a alínea c) da letra C). 7. 4, do anexo VI «Organización, desenvolvemento e criterios de cualificación das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos», que queda redactado do seguinte modo:

«c) Condución económica, segura e de baixo consumo enerxético, tendo en conta as revolucións por minuto, o cambio de marchas, a utilización de freos e acelerador (clases BTP, B, B + E, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D e D + E, unicamente).»

Oito. Modifícase o número 4 da letra A) do anexo VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos», que queda redactado do seguinte modo:

«4. Estarán provistos de cambio de velocidades manual.

Entenderase por «vehículo equipado cun cambio de velocidades manual» aquel que estea equipado con pedal de embrague, ou panca accionada

manualmente no caso das motocicletas, que deberá ser accionado polo condutor no momento do arranque ou da parada do vehículo e do cambio de marchas. Os vehículos que non cumpran estes criterios serán considerados de cambio automático.

Se o aspirante realiza a proba de control de aptitudes e comportamentos cun vehículo de cambio automático, esta circunstancia indicárase no permiso de condución e só habilitará para a condución dun vehículo destas características.

Malia o disposto no parágrafo anterior, non se indicará ningunha restrición aos vehículos con cambio automático no permiso de condución das clases C, C + E, D ou D + E se o solicitante xa é titular dun permiso de condución obtido cun vehículo de cambio de velocidades manual en, polo menos, unha das clases seguintes: B, B + E, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D ou D + E e efectuou durante a proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral as operacións descritas no último inciso do anexo V. B). 4. 4.»

Nove. Modifícanse os números 3 e 4 da letra B) do anexo VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos», que quedan redactados do seguinte modo:

«3. Para o permiso da clase A1, motocicletas de dúas rodas simples sen sidecar.

Se están propulsadas por un motor de combustión interna deberán ter unha cilindrada non inferior a 115 cm³ nin superior a 125 cm³, unha potencia máxima de 11 kW e unha relación potencia/peso non superior a 0,1 kW/kg e alcanzar unha velocidade de, polo menos, 90 km/h.

Se están propulsadas por un motor eléctrico, a relación potencia/peso será, polo menos, de 0,08 kW/kg.

4. Para o permiso da clase A2, motocicletas de dúas rodas simples de, polo menos 16 polgadas na roda dianteira, sen sidecar.

Se están propulsadas por un motor de combustión interna, deberán ter unha cilindrada non inferior a 395 cm³, unha potencia non inferior a 20 kW nin superior a 35 kW e unha relación potencia/peso non superior a 0,2 kW/kg.

Se están propulsadas por un motor eléctrico, a relación potencia/peso será, polo menos, de 0,15 kW/kg.»

Dez. Modifícanse os números 10 e 11.a) da letra B) do anexo VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos», que quedan redactados do seguinte modo:

«10. Para o permiso da clase C, camións de masa máxima autorizada non inferior a 12000 kg cunha lonxitude de polo menos 8 metros e unha largura de polo menos 2,40 metros, equipado cun sistema de transmisión que permita a selección manual das velocidades polo condutor. O peso total real mínimo será de 10000 kg.»

(11) «a) Un vehículo articulado composto por un tractocamión equipado cun sistema de transmisión que permita a selección manual das velocidades polo condutor e un semirremolque. O conxunto deberá ter unha masa máxima autorizada non inferior a 21000 kg, unha lonxitude de polo menos 14 metros e unha largura de polo menos 2,40 metros. O peso total real mínimo do conxunto será de 15000 kg.»

Once. Suprímese o número 18 da letra B) do anexo VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos» e renumérase o número 19, que pasa a ser o 18, mantendo o seu contido.

Disposición transitoria única. *Código nacional 107 dos permisos de condución.*

Os permisos de condución expedidos até o 31 de decembro de 2013 que leven o código nacional 107 continuarán sendo válidos nas mesmas condicións que foron expedidos.

A partir do 1 de xaneiro de 2014 este código entenderase referido ao código harmonizado da Unión Europea 79.02, e non existirá a obriga de solicitar a substitución do permiso de condución, a cal se producirá cando, con ocasión da realización de calquera trámite regulamentario, haxa que expedir un novo permiso.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde INT/2323/2011, do 29 de xullo, pola que se regula a formación para o acceso progresivo ao permiso de condución da clase A.*

Un. O número 3 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«3. As prácticas realizaranse con motocicletas sen sidecar cunha masa en baleiro superior a 175 kg.

Se están propulsadas por un motor de combustión interna, deberán ter unha cilindrada non inferior a 595 cm³ e unha potencia non inferior a 50 kW.

Se están propulsadas por un motor eléctrico, a relación potencia/peso será, polo menos, de 0,25 kW/kg.

Durante a súa realización os alumnos deberán levar un equipamento de protección composto de casco integral, luvas, botas, cazadora e pantalón de motorista e as proteccións adecuadas, que poderán estar integradas no equipamento. Ademais, nas prácticas de circulación en vías abertas ao tráfico xeral os alumnos deberán ir provistos dun chaleco reflector homologado, coa inscrición «Prácticas» ou a letra «P» nas costas.»

Dous. Incorporárase unha disposición transitoria única.

«Disposición transitoria única. *Motocicletas utilizadas na formación para o acceso ao permiso de condución da clase A.*

As motocicletas utilizadas para realizar a formación práctica para a obtención do permiso de condución da clase A, cuxa masa en baleiro sexa inferior ou igual a 175 kg ou que teñan unha potencia igual ou superior a 40 kW e inferior a 50 kW, que estean dadas de alta nas escolas particulares de condutores ou nas súas seccións o día 31 de decembro de 2013, poderán seguir utilizándose até o 31 de decembro de 2018.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito comunitario.*

Mediante esta orde incorpóranse ao dereito español as directivas 2012/36/UE da Comisión, do 19 de novembro de 2012, e 2013/47/UE da Comisión, do 2 de outubro de 2013, que modifican a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 31 de decembro de 2013.

Madrid, 25 de novembro de 2013.–O ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz.